



PRESENTACIÓN MATERIA

| | | | | |
|-----------------|---------------------|----------|----------------------|-------------------|
| MATERIA | ECONOMÍA DA EMPRESA | | CURSO | 2º DE BACHARELATO |
| CURSO ACADÉMICO | 2022-2023 | PROFESOR | UXÍA LOGILDE IGLESIA | |

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1: A EMPRESA

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A empresa e o/a empresario/a. ▪ Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ Clases de empresas. ▪ Marco xurídico da actividade empresarial. ▪ Contorno da empresa. ▪ Responsabilidade social e ambiental da empresa. ▪ Funcionamento e creación de valor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. ▪ Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. ▪ Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. ▪ Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. ▪ Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. ▪ Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. ▪ Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. |
|--|---|

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2: O DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Localización e dimensión empresarial. ▪ Estratexias de crecemento interno e externo. ▪ Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. ▪ Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía. ▪ Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. ▪ Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. ▪ Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. ▪ Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. ▪ Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. ▪ Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. ▪ Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. |



CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. ▪ Funcións básicas da dirección. ▪ Planificación e toma de decisións estratéxicas. ▪ Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. ▪ A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. ▪ Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. ▪ Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. ▪ Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. ▪ Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. ▪ Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. ▪ Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. |

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4: A FUNCIÓN PRODUTIVA

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Produción e proceso produtivo. ▪ Función de produción. Produtividade e eficiencia ▪ Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. ▪ Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. ▪ Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. ▪ Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. ▪ Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. ▪ Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. ▪ Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. ▪ Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. ▪ Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. ▪ Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. ▪ Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. ▪ Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. ▪ Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. |



CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5: A FUNCIÓN COMERCIAL

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamento comercial da empresa ▪ Concepto e clases de mercado. ▪ Técnicas de investigación de mercados. ▪ Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. ▪ Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. ▪ Estratexias de márketing e ética empresarial. ▪ Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. ▪ Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. ▪ Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. ▪ Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. ▪ Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. ▪ Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. ▪ Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. |

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 6: A INFORMACIÓN NA EMPRESA

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Obrigas contables da empresa. ▪ A composición do patrimonio e a súa valoración. ▪ Resultados da empresa. ▪ As contas anuais e a imaxe fiel. ▪ Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. ▪ Análise e interpretación da información contable. ▪ Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. ▪ Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. ▪ Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. ▪ Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. ▪ Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. ▪ Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. ▪ Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. ▪ Valora a importancia da información na toma de decisións. ▪ Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. ▪ Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. ▪ Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. ▪ Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. ▪ Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. |



CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 7: A FUNCIÓN FINANCEIRA

| Descrición do contido | Estándares de aprendizaxe |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Estrutura económica e financeira da empresa. ▪ Concepto e clases de investimento. ▪ Valoración e selección de proxectos de investimento. ▪ Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. ▪ Ciclos da empresa. ▪ Período medio de maduración. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. ▪ Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. ▪ Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. ▪ Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. ▪ Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. ▪ Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. ▪ Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. ▪ Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. ▪ Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. ▪ Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. |

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos para avaliar nesta materia serán:

- Probas escritas. Dúas por avaliación, o primeiro co contidos vistos ata o momento nesa avaliación, e o último co avaliado nesa primeira proba e os contidos novos vistos. A nota para cada avaliación, será o resultado de: $(0,3 \times \text{Nota } 1^{\text{o}} \text{ exame}) + (0,7 \times \text{Nota } 2^{\text{o}} \text{ exame})$. Isto non aplica na terceira avaliación xa que só se fará una proba escrita, sendo a súa ponderación, polo tanto, do 100% no que se refire a este instrumento.
- Traballos cualificados. Valoración dos traballos presentados e das actividades virtuais.
- Caderno de clase. Valoración do traballo diario, puntualidade e participación na aula a través dunha rúbrica.

Nota avaliación: Será o resultado de aplicar a fórmula: $(0,9 \times \text{Exames}) + (0,05 \times \text{Traballos}) + (0,05 \times \text{Caderno clase})$.

A primeira e a segunda avaliación terán dúas oportunidades de recuperación: una durante o curso e outra cando se realicen os exames finais.

A terceira avaliación, polo contrario, terá unha soa oportunidade de recuperación nos citados exames finais.

Para indicar a nota nos boletíns trimestrais, en números enteiros, aplicarase o redondeo matemático.

Nota final: Calcúlase como a media aritmética das tres avaliación, collidas con dous decimais.

Aqueles alumnos que teñan aprobada a avaliación poderán, se o desexan, presentarse ao exame de recuperación para subir nota. Deberán comunicarllo á profesora con 5 días de antelación. Poderán decidir se entregan ou non o exame, pero no caso de que o entreguen, a nota de dito exame será a que se lle terá en conta, aínda que sexa inferior á que xa tiñan previamente.

*Se algún alumno ou alumna non pode asistir a algunha das probas escritas planificadas por atoparse en situación de enfermidade ou causa de forza maior (debidamente xustificadas), avaliarase deses contidos na seguinte proba dentro desa mesma avaliación. O alumno ou alumna que non poda asistir (polas causas arriba contempladas) á última proba do trimestre, realizarase una proba vía telemática, a través de Cisco Webex e preferiblemente de maneira oral. No caso de non ser posible esta última opción e o alumno realizara polo menos unha proba escrita nesa avaliación, será a nota desa proba a que se teña en conta para o cálculo da media da avaliación.

PROMOCIÓN

Unha vez realizadas as probas da 3ª avaliación poden presentarse as situación seguintes:

a) A alumna ou alumno ten todas as avaliacións aprobadas: considérase aprobada a materia. A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións.

b) O alumno ten una única avaliación suspensa:

b.1- Se a cualificación é maior ou igual a 3 e a media acadada entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5 considérase a avaliación aprobada e, polo tanto, tamén a materia.

b.2- Se a cualificación é menor que 3 ou a media acadada entre as tres avaliacións é inferior a 5 deberá recuperar a materia da avaliación mediante una proba similar as do curso, cun exame



sobre 9 puntos, valorando o outro punto como a media das notas das actividades entregadas, e traballo diario desa avaliación.

A alumna ou alumno que ten máis dunha avaliación suspensa terá unha recuperación final na que se examinará só dos estándares impartidos nas avaliacións que non teña superado, cun exame sobre 9 puntos, valorando o outro punto como a media das actividades entregadas, e traballo diario destas avaliacións.

Os alumnos que queiran subir nota poderán presentarse ás avaliacións que desexen, informando ó profesor con 5 días de antelación. Poderán decidir se entregan ou non o exame, pero no caso de que o entreguen, a nota de dito exame será a que se lle terá en conta, aínda que sexa inferior á que xa tiñan previamente.

No caso de ter que acudir á avaliación extraordinaria, farase unha proba cos contidos do curso sobre 10 puntos.

METODOLOXÍA

Intentarase equilibrar as oportunidades para combinar nas clases:

- Explicacións a cargo da profesora.
- Analizar gráficos e táboas de datos económicos.
- Relacionar os contidos que se abordan na aula coa experiencia e a realidade máis próxima dos alumnos.
- Buscar e analizar na prensa e Internet noticias económicas e empresariais.
- Identificar en informacións económicas e empresariais termos e conceptos explicados na aula. Repaso dos conceptos coas actividades da unidade.
- Realización de actividades a través da Aula Virtual.
- Realización de esquemas.
- Adquirir e utilizar con propiedade a terminoloxía e vocabulario da materia.
- Resolución e comprensión de exercicios prácticos e teóricos tipo ABAU.

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.